

[Encontro entre Cooperativas - nº 3 – 30 Xuño]

Comparte necesidades de financiamento – Que opcións temos nas finanzas?

[Programa #SAIMOSCOOPERANDO realizado no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATAS REALIZACIÓN	Mércores 30 de Xuño de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Encontro en formato On-line – A través de Zoom		
PERSOA DE CONTACTO	Tino Gago Ramón Carmelo Rodríguez Padín (Técnicos da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	TELÉFONO	623301532
		E-MAIL	tino@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Avanzar nos contidos do Programa #SaimosCooperando, edición 2021.
- Pór en común e intercambiar información sobre experiencias e boas prácticas sobre necesidades de financiamento, alternativas de financiamento ético de base cooperativa, actividades susceptibles de financiamento vía crowdfunding, coherente cos obxectivos do Programa.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes aproveitando as sinerxias dos encontros.

PROGRAMA - CONTIDOS

- 09:30 h. - Benvida e presentación breve das persoas e cooperativas participantes.
- 09:45 h.- Presentación dos Obxectivos do Encontro no marco do programa #SaimosCooperando – Edición 2021.
- 10:00 h.- Presentación dos servizos e actividades actualizados das entidades Coop57, Fiare, Goteo.
- 11:15 h.- Coloquio e intercambio de boas prácticas.
- 11.30 h.- Peche do encontro.

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro, avanzaremos nos contidos do Programa #SaimosCooperando 2021 e animaremos ás cooperativas participantes a socializar información sobre necesidades de financiamento alleo para a operativa ordinaria ou lanzamento de novas actividades e/ou programas e daremos a coñecer os servizos actualizados de entidades como Coop57, Fiare e Goteo.

Abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios sobre as experiencias presentadas, e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop de forma preferente.
- Outras cooperativas galegas (non asociadas á Unión).



Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.